CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa e escribe textos tendo en conta as regras de acentuación, puntuación e ortografía do idioma. O contido é apropiado e coherente.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Identifica tipoloxías discursivas e distingue o seu tema e subtema. É capaz de realizar un resumo adecuado ao texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Revisa e escribe textos tendo en conta as regras de acentuación, puntuación e ortografía do idioma. O contido é apropiado e coherente.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Comprende os usos lingüísticos concretos e o propósito do emisor de acordo cunha determinada intención comunicativa.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	Distingue as distintas clases de palabras existentes no idioma e resolve sintagmas sinxelos.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	Comprende o emprego de Internet e as redes sociais, entendendo os beneficios e desvantaxes do seu emprego.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura.	Distingue fontes fiables das que non o son e elabora traballos tendo en conta o seu contido e sintetizándoo correctamente.		
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	Crea texto narrativos orais con secuencias descritivas e dialogadas de forma correcta.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Realiza traballos na aula e participa oralmente na aula de forma activa e axeitada.	TI	58
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Crea textos escritos das distintas modalidades discursivas planificando un esquema, creando un borrador e unha versión final.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	Crea textos escritos das distintas modalidades discursivas planificando un esquema, creando un borrador e unha versión final.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Crea textos escritos das distintas modalidades discursivas planificando un esquema, creando un borrador e unha versión final.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Realiza traballos na aula e participa oralmente na aula de forma activa e axeitada.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	Realiza traballos na aula e participa oralmente na aula de forma activa e axeitada.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora de forma crítica e argumentada a súa opinión sobre determinados textos de escolla propia ou realizada polo docente.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Valora de forma crítica e argumentada a súa opinión sobre determinados textos de escolla propia ou realizada polo docente.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Valora de forma crítica e argumentada a súa opinión sobre determinados textos de escolla propia ou realizada polo docente.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Valora de forma crítica e argumentada a súa opinión sobre determinados textos de escolla propia ou realizada polo docente.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Relaciona textos lidos ou escogidos con outros dos que foi receptor ou manifestacións culturais coñecidas.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Diferencia fontes de consulta fiable das que non o son e sintetiza a información en traballos ou tarefas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.

Contidos

- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento da competencia comunicativa no seus diferentes aspectos (expresivo, interpretativo, creativo, conceptual, lóxico, pragmático, etc.) constitúe o principal obxectivo das materias da área lingüística e particularmente da materia de Lingua castelá e literatura. A este feito hai que engadir a dupla dimensión práctica-teórica da reflexión sobre a lingua (estudo do sistema e praxe lingüística no uso inmediato en moitos diferentes funcións pragmáticas: solicitar, denegar, confirmar, argumentar, debater, aceptar, etc.) e a importantísima dimensión cultural e literaria do idioma cos seus aspectos colindantes: a lectura e a hermenéutica do texto con finalidade estética, a capacidade crítica, a educación da sensibilidade e das emocións e, inclusive, o desenvolvemento, dentro do posible, das habilidades e talentos creativos que no ámbito da expresión literario poida posuír o adolescente. A todos estes aspectos debe, pois, acomodarse o traballo do alumno e o do profesor. Adoitar unha metodoloxía didáctica axeitada e coherente que abraza esta finalidade última da ensinanza da lingua amósase como fundamental dentro da tarefa académica.

Desde este punto de partida, a ensinanza da lingua deberá permitir unha combinación axeitada entre o traballo teórico, necesariamente limitado (explicacións, aclaracións de conceptos...) e o traballo práctico ou destinado á adquisición do dominio práctico do idioma tanto na vertente oral como na escrita (redaccións, exposicións,

representacións, debates, análises, actividades gramaticais e literarias, creación artística, etc.). Engádase a iso a urxencia, dentro dun mundo en vertixinoso desenvolvemento tecnolóxico, coa que esta dimensión práctica no traballo diario co idioma (mellor, cos idiomas, dentro do natural polilingüismo no que se move o sistema educativo) esixe o tratamento transversal das novas tecnoloxías da información e da computación.

En resumo, a metodoloxía que se utilizará terá que ter en conta os seguintes aspectos:

- Deberá combinar a exposición clara, sinxela e razoada con actividades prácticas dos diferentes contidos da materia.
- Deberá atender aos diferentes aspectos da competencia lingüística: a reflexión gramatical, por suposto, pero tamén a práctica escrita e oral, as distintas tipoloxías discursivas, o carácter práctico do falar e interactuar con adecuación a diversos fins ou funcións pragmáticas... (CCL)
- Deberá afondar no carácter propedéutico e heurístico da comunicación, proporcionando aos alumnos medios para evolucionar por si mesmos tanto no ámbito estritamente académico coma no persoal e social (CAA, CSC).
- Deberá atender non só á adquisición de conceptos e contidos se non a unha comprensión integral do fenómeno lingüístico e da comunicación nos seus aspectos persoais (indagar sobre un mesmo, coñecer os propios pensamentos e opinións, expresar as emocións e canalizalas lingüísticamente, actuar coñecendo as implicacións fisiolóxicas e proxémicas do acto comunicativo) e sociais (interactuar, debater, comentar, chegar a acordos, pero tamén comprender, empatizar, consensuar...) (CSC).
- Deberá integrar, na medida do posible, as modernas tecnoloxías da información como un instrumento máis da aprendizaxe comunicativa, tendo en conta o seu carácter ancilar. Non se trata de rodearnos de tecnoloxía porque sí, se non cunha intención concreta: mellorar o coñecemento práctico do idioma por parte dos alumnos (CAA, CD, CSIEE).
- Deberá combinar o traballo individual co traballo grupal artellando o que de persoal ten a creación idiomática co seu aspecto social (CSC).

Óptase, polo tanto, por unha metodoloxía activa, destinada a unha aprendizaxe práctica, significativa e funcional, que aproveite o dinamismo, os intereses dos xóvenes e os seus coñecementos previos nunha formación comunicativa o máis integradora que sexa posible. Con vías a este obxectivo, e xa nun nivel máis práctico, a metodoloxía didáctica no tratamento da lingua implicará:

A. Integrar de maneira axeitada o tratamento teórico e conceptual coa reflexión deductiva e inductiva por parte dos alumnos. A actividade académica irá, deste xeito, enfocada á espertar a capacidade do estudante de elaborar as súas propias reflexións e conclusións (CCL, CAA)

B. Fundamental aspecto metodolóxico será o traballo con textos de diversas procedencias (xornalísticos, literarios, teóricos, publicitarios, cinematográficos, radiofónicos). O tratamento de textos implica, como é fácil supoñer, a meirande parte dos contidos da materia: reflexión crítica, comentario, extracción de información, tratamento de información, contraste de datos, interpretación de gráficos e sistemas, etc. A comprensión integral dos textos é, probablemente, a máis importante labor dentro de calquera materia lingüística (CAA, CCL, CMCT, CSIEE).

C. As actividades didácticas traballadas na aula serán variadas e traballarán moi diferentes aspectos, atendendo á diversidade de intereses, de motivacións e de coñecementos dos distintos alumnos. Neste sentido, poderáse ter en conta as seguintes:

- a. actividades de detección de coñecementos previos: comentario de imaxes, lectura de textos, visionado de vídeos, minidebates...
- b. actividades de lectura e interpretación: xa sinaladas como fundamentais no punto B. Dentro deste tipo de actividades hai que subliñar a natural importancia do libro de texto e das obras de lectura literaria coas que se traballará na aula, dentro do ámbito do plan lector do centro (CCL).
- c. actividades de creación: redacción, produción de textos orais e escritos, dacordo co estudo das diversas tipoloxías textuais (CSIEE, CAA).

d. actividades de investigación: dadas as necesidades de tempo e de espazo (aulas de informática, uso da biblioteca) serán necesariamente limitadas a un proxecto por curso. Estas actividades de grupo incentivan a autonomía e a reflexión e contribúen a acostumar ao alumno a traballar con moi distintas fontes de información, fomentando asimesmo a interdisciplinarietà. (CAA, CMCT, CSC, CD).

e. actividades de traballo e exposición: elaboración de murais informativos, proxeccións, presentacións en power point). Os traballos de aula poden e deben ter unha certa notoriedade pública unha vez realizados. A exposición pública e a explicación das producións individuais ou colectivas do alumnado forman parte moi necesaria da súa avaliación. Non se trata só de traballar senon tamén de submeter a crítica por todos os demais compañeiros o traballo realizado (CAA, CSIEE).

e. actividades de dramatización: lectura pública de textos, recitación poética, representación dramatizada de escenas teatrais, representacións públicas no salón de actos do centro (colaboración nos diversos galos académicos e nas celebracións conmemorativas). A colaboración do departamento nas actividades e conmemoracións que afectan a todo o centro é habitual (día do libro, día da muller, todos os santos, nadal, día da paz...) (CCL, CSC).

f. actividades de avaliación (controis e probas obxectivas orais e escritas).

g. actividades de reforzo. Para os alumnos que presenten dificultades no seu desenvolvemento académico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material achegado polo docente a través da aula virtual do centro
Libros de lectura obrigatoria e voluntaria de cada unha das avaliacións
Ordenador de uso personal de cada un dos discentes facilitado polo centro.
Canón dispoñible en cada unha das aulas do centro.
Cadernos con actividades de reforzo para o alumnado que presente dificultades ca materia.
Fotocopias de textos e lecturas para a aula.

Coa vontade de promover unha aprendizaxe significativa e activa por parte do alumnado, o docente creará apuntes e presentacións orais que acompañen a cada un dos contidos que se impartan. Estes documentos, así como os materiais precisos para a produción dos traballos e proxectos, quedará a disposición do alumnado na aula virtual.

Por outra banda, a todos estes materiais cómpre engadir os libros de lectura obrigatoria para cada unha das avaliacións. En cada período avaliativo proporanse unha lectura obrigatoria e outra voluntaria que irán cubrindo distintos xéneros e temáticas para que os alumnos e alumnas desenvolvan o seu gusto lector:

-1ª avaliación: El valle de los lobos de Laura Gallego. Como lectura optativa recoméndaselles que sigan co segundo tomo da triloxía desta autora.

-2ª avaliación: Escape book de Iván Tapia. Como lecturas optativas proponse As mulleres da cultura de Rosa Huertas, coa que se traballará na aula.

-3ª avaliación: Las lágrimas de Shiva de César Mallorquí. Como lecturas optativas permíteselles escoller entre Aquel verano de Jillian e Mariko Tamaki ou El curioso incidente del perro a medianoche de Mark Haddon.

Ademais, o emprego das TIC resulta fundamental nesta PD. Moitos textos seranlles facilitados soamente nunca versión dixital, sobre a que deberán traballar e responder as tarefas. Utilizaranse tamén abundantes plataformas e recursos en línea que favorecerán o desenvolvemento da CD no noso alumnado. Como mostra, o conxunto de páxinas web e aplicacións que reseñamos:

Prezi
 Canva
 Paddlet
 Genially

Kahoot
 Quizziz
 Sintaxis App
 Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es
 Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
 Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
 Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
 Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial dos contidos do curso previo na primeira semana de curso. As dificultades atopadas nesta proba poderán dar lugar a establecer reforzos educativos para determinados discentes ou modificar parcialmente aspectos como lecturas ou secuenciación de contidos. A proba comprobará a comprensión lectora do alumnado nunha parte inicial, os seus coñecementos sobre clases de palabras e semántica e a súa expresión escrita creativa. Por último incorporará un test sociométrico que permitirá ao docente coñecer gustos e afeccións dos discentes, a súa actitude cara a materia ou as problemáticas e tendencias dentro do grupo clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	60	78	45	61	60	67	42	43	42	55
Táboa de indicadores	40	22	55	39	40	33	58	57	58	45

Criterios de cualificación:

O calificación final da materia obterase mediante a suma ponderada da nota das tres avaliacións previas, tendo un peso o primeiro trimestre dun 30%, o segundo dun 30% e un 40% no caso do terceiro.

A nota final de cada un dos períodos avaliativos terá en conta os seguintes apartados:

- Probas escritas, entre dúas e tres por trimestre, cun peso dun 60%.
 - Entregas e traballos realizados de xeito individual ao longo do período, cun peso dun 20%.
 - Tarefa vinculada ca lectura crítica do libro de lectura, cun peso dun 15%.
 - Traballo diario, actitude cara a materia, realización de tarefas de repaso e actividades voluntarias, cun peso dun 5%.
- Este seguimento diario da materia levarase a cabo por medio dun caderno dixital do propio docente.

Criterios de recuperación:

A recuperación dos criterios de avaliación e contidos non superados levarase a cabo ao final de cada un dos períodos avaliativos.

Ademais, efectuarase unha recuperación final da materia no mes de xuño no que o alumnado poderá presentarse cos períodos avaliativos suspensos que non foran recuperados previamente nas probas xa referidas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste caso concreto. É alumnado que titula en Educación Primaria no ano previo ou que non promociona neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

De acordo ca Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. e según e o establecido nos art. 28.5 y 121.2 de la LOE 2/2006 aplicaranse unha serie de medidas para atender ao alumnado con NEAE na nosa materia.

A diversidade é unha realidade social e aténdese ao ter en conta os intereses e circunstancias de todos os alumnos e alumnas, distintos entre sí e con distintas viaxes vitais tanto a nivel intelectual como a emocional ou social. Respetarase a evolución e desenvolvemento das facultades diversas de todos eles, baseándonos nas teorías das intelixencias múltiples (xa que traballamos por competencias). Todo isto, dándolle especial relevancia as TIC como ferramentas que nos permiten adecuarnos á diversidade existente entre discentes.

Prestarase atención á totalidade do alumnado e, en particular, a aqueles e aquelas con necesidades concretas. Para atendelos, e sempre en colaboración co Departamento de Orientación, optarase por medidas ordinarias: o enriquecemento curricular (para alumnado con altas capacidades ou intereses moi concretos en determinadas áreas), simplificación de indicacións ou adaptacións de tempos (para estudantes con TDAH) o ACIs con caso de precisalas. En todo caso, sempre estaremos atentos a estes discente de forma especial dentro da aula.

En conclusión, garantirase a adaptación desta PD a todo o alumnado e os seus distintos ritmos de aprendizaxe tamén mediante actividades de reforzo o ampliación durante todo o curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A diversidade lingüística: respecto e preservación.	X							
ET.2 - As manifestacións culturais e a súa importancia a nivel social: o patrimonio.		X	X		X			X
ET.3 - Os medios de comunicación: alfabetización mediática			X			X		
ET.4 - O uso das fontes de información				X				
ET.5 - Educación emocional: un eixo humano fundamental					X			
ET.6 - A resolución pacífica de conflitos: aprendendo a vivir en democracia						X		X
ET.7 - As redes sociais: peligros e cantases							X	
ET.8 - A expresión artística propia: o amor e os grandes temas do ser humano.								X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A diversidade funcional: unha realidade a respetar.								

	UD 9
ET.1 - A diversidade lingüística: respecto e preservación.	
ET.2 - As manifestacións culturais e a súa importancia a nivel social: o patrimonio.	X
ET.3 - Os medios de comunicación: alfabetización mediática	
ET.4 - O uso das fontes de información	
ET.5 - Educación emocional: un eixo humano fundamental	
ET.6 - A resolución pacífica de conflitos: aprendendo a vivir en democracia	
ET.7 - As redes sociais: peligros e cantases	
ET.8 - A expresión artística propia: o amor e os grandes temas do ser humano.	
ET.9 - A diversidade funcional: unha realidade a respetar.	X

Observacións:

No artigo 18 do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao teatro Lauro Olmo	Visita a un dos centro máis relevantes de cultura para a comarca.			X
Roteiro polos espazos vitais dos escritores valdeorreses	Ruta guiada para conocer as figuras de Elena Quiroga, Lauro Olmo ou Florencio Delgado Gurriarán	X		
Citas a cegas literarias polo Día do Libro	Actividade en colaboración coa biblioteca		X	
Descubrinto a biblioteca do IES	Gymkana para aprender a usarmos o catálogo da biblioteca do centro	X		
Mulleres da cultura	Exposición realizada mediante infografías de mulleres creadas polo 8M		X	
Obras teatrais	Visualización dalgún espectáculo dramático dentro do programa do conxejo.		X	X
Clube de lectura	Realización dun clube voluntario de lectura durante todo o curso.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Medidas de atención á diversidade
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.
Clima de traballo na aula
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
 - As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
 - A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
 - A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
 - A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
 - A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
 - A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.
- Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.
- As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados